



Si te pregunta la gente
si tu me quieres a mi-e,
con la boca di que no-e
con el corazón que sí-e.

La la...

- Nós, cando eramos mozas, empezábase o baile ao cerrar da noite ou así con hora de noite, seghún se acabase de traballar. Anque fora toda a noite, nós non podíamos tocar a pandeireta que non deciamos unha cántiga dúas veces. (...)

Teño unha herba na horta
que se chama ciridonia,
para contestarme a min
douche Dios pouca memoria.

Teño unha herba na horta
que lle chaman cighurella
vaite de ahí cara moura
que té-la barrigha de ovella.

Dios llo paghe a miña nai-e
que me puxo a costureira:
/: ven a i-augha e non me molla,
ven o sol e non me queima. :/

Toda miña vida anduven
tras d'unha costureiriña
/: e aghora quedei sin ela
coma i-aghulla sin liña: /

Tódalas costureiriñas
son amighas da conversa,
/: o que vaia pr' onda i-elas
escusa de levar presa. :/

Teño ollos e non vexo,
quero mirar e non podo.
/: ¿Cómo hei d' andar aleghre
se non vexo a quen adoro? :/



E vira e vira
e volve a virar
a volta do medio
é mala de dar.
E vira e vira
e volve a virar.

Dices que me vas levar-e
por los cabelos al río.
/: Llévame a donde tú quieras;
tu ghusto será i-el mío :/

A cama do cura é boa
e no medio ten un ai-e
/: a nena que nela durma
ó reino de Dios non vai-e. :/